BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
**Grupo Municipal**
**RIBEIRA**

**Ana Álvarez Becerra,** Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** neste Concello, presenta a seguinte Moción ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa situación dos Centros de Educación Infantil e Primaria.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Rematou o curso escolar e nos centros educativos que escolarizan alumnado de infantil e primaria neste concello, existen unha serie de carencias importantes no relativo a obras de reparación e mantemento e arranxos importantes que afectan á seguridade dos nenos/as.

A adecuación á normativa vixente dos espazos de xogo exteriores, a carencia de patios cubertos e/ou pavillón polideportivo nalgún dos centros, a substitución dos valados rotos, cancelas de entrada, reforma de baños, substitucións de portas, reparacións nos tellados etc, son só algúns exemplos de obras que se deberían acometer de forma urxente.

A execución destes traballos debería realizarse no período de vacacións para non interromper (como xa sucedeu en anos anteriores) o normal desenvolvemento do curso unha vez comezado.

Outro dos importantes problemas que suscitan a queixa e a demanda da comunidade educativa é o da limpeza: en tódolos centros existe unha soa persoa e naquel caso en que hai dúas persoas están contratadas só a media xornada.

Por outra banda, chegan informacións de que nos centros a Consellería de Educación vai realizar, de cara ao vindeiro curso escolar, recortes que van a afectar á dotación de orzamento e de profesorado nos centros.

Polo exposto, o Grupo Municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción dos seguintes acordos:

## A C O R D O :

- **Realizar no período de vacacións as obras de reparación e mantemento dos centros educativos.**
- **Incrementar o persoal de limpeza en ditos centros.**
- **Instar á Consellería de Educación para que non se realicen recortes na dotación de profesorado.**

Ribeira, 15 de xullo de 2010

Asdo.: Ana Álvarez Becerra

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA**